

Sr. Xerente:

Na reunión do Comité de Empresa (Campus Vigo-Pontevedra) celebrada o 4 de abril, o Pleno de dito órgano acordou instar, a través seu, á Universidade de Vigo a manter as negociacións oportunas para tratar o asunto: retribucións por trienios ó persoal eventual, co fin de poder chegar a un acordo sobre esta materia tal e como recolle a Disposición Adicional Quinta do actual Convenio Colectivo que di:

*“A Universidade de Vigo aceptando o principio de homoxeneización retributiva do seu persoal, comprométese a facer extensiva a retribución por trienios ó persoal eventual que acredite períodos de contratación por parte da mesma que sumen tres anos ou múltiplos de tres. Este dereito seralles recoñecido dende o momento que se produza o acordo que faga extensiva a retribución por antigüidade ó conxunto do persoal contratado de natureza temporal”*

Por este motivo pregámoslle que fixe, o antes posible, día, hora e lugar para reunirse cos representantes deste Comité na procura dun acordo sobre esta materia e cumprir así o que libremente a Universidade de Vigo e os sindicatos asinantes do I Convenio Colectivo, conveniamos e asinamos.

Pola nosa parte, para conseguir que a representación dos traballadores sexa única, informaremos deste acordo os representantes do Comité de Empresa de Ourense, no que xa existe unha petición de inclusión na orde do día da próxima reunión deste asunto, faremos tamén as xestións oportunas para coordinar a representación da parte social.

Vigo, 4 de abril de 2.003.

O PRESIDENTE



Manuel Velasco Graña

ILMO. SR. XERENTE UNIVERSIDADE DE VIGO.